

Obxectivos:

O sistema de contabilidade e control público das comunidades autónomas reporta un resultado en termos de contabilidade orzamentaria polo que é necesario practicar unha serie de axustes sobre o mesmo para obter unha magnitude de acordo co convenio de contabilidade nacional do Sistema Europeo de Contas (SEC 2010). O dominio destas técnicas é fundamental para a planificación orzamentaria e a rendición de contas da comunidade autónoma. O obxectivo deste curso é adquirir as habilidades mínimas para aplicar os axustes na contabilidade orzamentaria que prevé o SEC e coñecer os criterios da Oficina Nacional de Contabilidade ao respecto.

Persoas destinatarias:

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, que desempeñe funcións relacionadas coa xestión orzamentaria e intervención.

Lugar de desenvolvemento:

EGAP. Rúa Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

Información e matrícula:

Correo electrónico: iep.egap@xunta.gal

Teléfono: 981 54 62 52

Web: <https://egap.xunta.gal>

Inscrición: <https://egap.xunta.gal/matricula>

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Curso monográfico

Axustes de contabilidade nacional en contas autonómicas

Santiago de Compostela, 2, 5 e 9 de xuño de 2023



Venres, 2 de xuño, de 10:00 a 14:00 e de 16:30 a 18:30 horas

1. Protocolo sobre o déficit excesivo (PDE). As novas regras fiscais
2. Delimitación sectorial do sector público. Criterios de delimitación do sector das administracións públicas. Control e clasificación das unidades institucionais.
3. Concesións e asociacións público-privadas (APPs).
4. O mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR). Tratamento e impacto na capacidade/necesidade de financiamento da comunidade autónoma.

Juan Miguel Báscones Ramos. Director da Oficina Nacional de Contabilidade da Intervención Xeral da Administración do Estado. Ministerio de Facenda e Función Pública.

Luns, 5 de xuño, de 10:00 a 14:00 e de 16:30 a 18:30 horas

5. Determinación da capacidade/necesidade de financiamento das unidades administrativas sometidas a orzamento limitativo. Operacións contables relevantes.
6. A regra de gasto. Determinación do gasto computable e as súas diversas exclusións

Ricardo Alfonso Núñez Gil. Xefe de Área de Comunidades Autónomas. División III da Oficina Nacional de Contabilidade. Ministerio de Facenda e Función Pública.

Venres, 9 de xuño, de 10:00 a 13:00 horas

7. Determinación da capacidade/necesidade de financiamento da comunidade autónoma.

Lucía Solórzano Vázquez. Xefa de Área de Empresas Públicas. División III da Oficina Nacional de Contabilidade. Ministerio de Facenda e Función Pública.



NOTA: Por motivos alleos á EGAP este programa pode sufrir algunha variación. As actualizacións pódense consultar na páxina web da Escola: <https://egap.xunta.gal/>